



DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA: EXCM. DIPUTACION PROVINCIAL

ADMINISTRACION: Sección de Rentas y Exacciones
Avda. de Montero Ríos, s/n — Teléfono 35 43 00

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES: Imp. de la Diputación Provincial
Sierra, 40
Teléfono 35 54 00

Depósito Legal PO 1 - 1958

— MIERCOLES 21 JUNIO —

AÑO 1989 Núm. 142

Diputación Provincial

Aprobada polo Pleno desta Deputación en sesión de 24 de abril de 1989 e de conformidade co establecido no artigo 49 da Ley 7/85. de 2 de abril, de Bases do Régimen Local, en relación co artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, sométese a información pública durante 30 días a efectos de posibles reclamacións, a seguinte:

Proposta o Pleno da Deputación de aprobación da Ordenanza de Normalización Lingüística

INTRODUCCION

A principal manifestación da identidade cultural dun pobo é a súa lingua.

A Constitución Española establece no artigo 3 que como tal patrimonio cultural "será obxecto de especial respeto e protección".

O artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía desenvolve ainda máis o precepto ó encomendarlle ós poderes públicos de Galicia que garintan o uso normal e oficial da lingua galega —xuntamente co castelán— e potencien o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa "e disporán —engadeos— medios necesarios para facilitaren o seu coñecemento".

Cando un Estatuto de Autonomía outorga carácter oficial á súa lingua, isto impónendo obrigas ós poderes públicos a que facan uso das potencias públicas impónseille o respeto e a lingua como medio normal de comunicación en e entre elas e na súa relación cos suxeitos privados, con plena validez e efectos xurídicos. Esta é a xurisprudencia do Tribunal Constitucional recoñida no fundamento xurídico segundo da sentencia 82/1986.

A Lei de Normalización Lingüística de Galicia no artigo 6.4 establece que "a Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As Corporacións Locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei".

En virtud do disposto naquel precepto legal o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/1988, do 21 de xuño do uso do galego como lingua oficial de Ga-

licia polas Entidades Locais, que da cumprimento ó mandato estatutario.

En Galicia, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as Corporacións Locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperaren o uso do noso idioma para os usos administrativos. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas leis para que os complexos lingüísticos presentes na nosa sociedade desaparezan".

As Corporacións Locais por seren as administracións más próximas ós cidadáns son as que máis preto viven a marxinación da lingua galega. E preciso, pois, que os rexedores provinciais, en primeiro lugar, corrixean os hábitos lingüísticos existentes do predominio exclusivo da lingua castelán.

Por considerarmos que as razóns expostas abordan para cambiar as actitudes lingüísticas, propónselle ó Pleno da Deputación a aprobación da seguinte Ordenanza Provincial de Normalización Lingüística:

ORDENANZA DE NORMALIZACION LINGÜISTICA DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA

CAPITULO I

Ambito de aplicación

Artigo 1: 1.—O Galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial da Deputación de Pontevedra.

2.—As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio provincial terán plena validez e eficacia.

3.—Os cidadáns teñen dereito a seren atendidos e obter copia ou recibir notificacións da documentación provincial no idioma oficial da súa elección.

Artigo 2: A Deputación de Pontevedra empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas sitas en Galicia.

Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas fora do territorio da nosa Comunidade Autónoma, a Deputación empregará normalmente o castelán ou outra lingua oficial do lugar onde residan aquelas.

CAPITULO II*Das resolucións e da documentación administrativa*

Artigo 3: Serán redactadas en galego:

a) As convocatorias das sesións de tódolos órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisión de Goberno, Comisións Informativas, Consellos sectoriais e Tribunais de oposicións e concursos.

b) As actas das sesións dos citados órganos provinciais.

c) As resolucións do Presidente, dos Deputados-Delegados e o seu libro de rexistro.

Artigo 4: A documentación dos expedientes administrativos que dean lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitadas en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentos e impresos.

Nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa débese ter en conta o devandito obxectivo.

Artigo 5: Os documentos contractuais suscritos pola Deputación serán redactados en galego.

Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio debe producir efecto fora do territorio da Comunidade Autónoma, tamén será redactado en castellán.

Artigo 6: Sen perxucio do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983, nos rexistros administrativos das oficinas da Deputación os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

CAPITULO III*Atención ó público*

Artigo 7: Os servicios da Oficina de Información e demáis Unidades Administrativas que teñan unha relación co público máis intensa, promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como llingua normal de comunicación e a información que se dñe con os dereitos lingüísticos de acordo co principio de máxima respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servicios públicos provinciais por concesión, arrendamento ou concerto.

CAPITULO IV*Relación coas empresas privadas*

Artigo 8: Os estudos, proxectos e traballos semellantes que a Deputación encargue a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego, anque a súa finalidade esixa a redacción neutra lingua.

CAPITULO V*Anuncios e publicacións*

Artigo 9: Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no "Boletín Oficial" da provincia, Diario Oficial de Galicia ou calquera medio de comunicación radicado no territorio da nosa Comunidade Autónoma, serán redactados en galego.

Fora do ámbito lingüístico galego, a publicidade farase xeralmente en versión sobre.

Artigo 10: Con carácter xeral, as publicacións editadas pola Deputación teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade, realizaranse en lingua galega.

Artigo 11: Os cargos da Deputación expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebranos en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

CAPITULO VI*Topónimos, sinalizacíons e rótulos*

Artigo 12: Consonte co que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio da Deputación de Pontevedra é a galega, ó igual que a dos demás topónimos de Galicia.

Artigo 13: Os rótulos e sinalizacíons do Pazo da Deputación, dos outros edificios e servicios públicos e da rede viaria provincial, serán redactados en idioma galego.

Cando o interese xeral o requira, tamén se poderán redactar en castellán e outros idiomas.

CAPITULO VII*Do persoal o servicio da Corporación*

Artigo 14: 1.—A declaración da oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ó servizo da Corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e na escrita, en igualdade co castellán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo.

2.—Para acadar ese obxectivo, establecéense as seguintes regras:

a) O persoal que actualmente traballa ó servizo da Corporación e non tena capacidade para o uso do galego de acordo co disposto no apartado núm. 1 do presente artigo deberá adquirir tal coñecemento. Con ese fin a Deputación desenvolverá un programa de formación e perfeccionamento.

b) Nos procedementos de selección do novo persoal incluirase sempre unha proba de coñecemento da lingua galega adecuada ó nivel e contido da praza convocada.

c) Nos procedementos de provisión de traballo, o coñecemento da lingua galega terá a consideración de mérito preferente.

d) O persoal ó servizo da Corporación que teña acreditado o coñecemento do idioma galego ou par-

icipara nos programas de formación ou perfeccionamento estará obrigado á súa utilización no traballo de acordo coas disposicións que contén a presente Ordenanza.

CAPITULO VIII

Relación con outras Administracións

Artigo 15: As actuacións realizadas pola Deputación perante os órganos de xusticia faranse en lingua galega, consignándose sempre por escrito o cumprimento do artigo 7.2 da Lei 3/1983. de Normalización Lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xusticia.

CAPITULO IX

Da creación do Servicio Provincial de Normalización Lingüística e a respectiva Comisión Informativa

Artigo 16: Para dar cumprimento ó espírito que aníña nesta Ordenanza crearase un Servicio Provincial de Normalización Lingüística e unha Comisión Informativa.

Pontevedra, a 23 de maio de 1989.—O Secretario Xeral Interino, ilexible. 6325

MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS Y URBANISMO

Confederación Hidrográfica del Norte

COMISARIA DE AGUAS

INFORMACION PUBLICA

D. Daniel Rodríguez Soteliño, domiciliado en Redondeia-Ventcesla (Pontevedra), solicita autorización para construcción de una nave industrial, en zona de políclia, margen derecha, del río Louro, en Veiga daña, término municipal de Mos (Pontevedra), dicha edificación se dedicará a elaboración de derivados de cemento.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de veinte (20) días, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente aviso en el "Boletín Oficial" de la provincia de Pontevedra, con fin de que los que se consideren perjudicados con las obras, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo en la Alcaldía de Mos o en la Confederación Hidrográfica del Norte, sita en Orense, c/ García Mosquera, núm. 1-enteraplanta, donde estará de manifiesto el expediente de que se trata para que pueda ser examinado por quien lo deseé.—El Secretario General, P. A., el Ingeniero Encargado, Alfonso Balderrábano y Suárez-Inclán. 6099

ADMINISTRACION DEL "BOLETIN":

Las suscripciones se solicitarán a la Administración de Rentas y Exacciones de esta Diputación.

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Industria, Comercio e Turismo

DELEGACION PROVINCIAL

Nota extracto de autorización

Expediente AT. 15/88

Cumpridos os trámites regulamentarios, esta Delegación Provincial resolveu autorizar a empresa Unión Eléctrica Fenosa, S. A., a instalación dunha LMT dende o CT Conde Vallellano ata o CT O Con, concello de Vilagarcía de Arousa.

Asimesmo, cumpridos os trámites sinalados no capítulo IV do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, resolveuse aproba-lo proxecto de execución presentado, nas condicións xerais e especiais que con esta data sinala esta Delegación.

Pontevedra, a 15 de maio de 1989.—O Delegado Provincial, Xesús Gayoso Alvarez. 5237

Nota extracto de autorización

Expediente AT. 10/88

Cumpridos os trámites regulamentarios, esta Delegación Provincial resolveu autorizar a empresa Unión Eléctrica Fenosa, S. A., a instalación dunha LMT e CT de 25 KVA en Portela e Saborín, concello de Rodeiro.

Asimesmo, cumpridos os trámites sinalados no capítulo IV do Decreto 2.617/1966, de 20 de outubro, resolveuse aproba-lo proxecto de execución presentado, nas condicións xerais e especiais que con esta data sinala esta Delegación.

Pontevedra, a 15 de maio de 1989.—O Delegado Provincial, Xesús Gayoso Alvarez. 5238

Resolución de 18 de maio de 1989 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición da instalación eléctrica que se cita. (Expte. AT. 142/89).

Os efectos previstos no artigo 9.º do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sometese a información pública a petición de instalación dunha Electrificación en San Miguel (1.ª fase), coas seguintes características especiais:

Peticionario: Unión Eléctrica-Fenosa, S. A.

Lugar no que se vai establecer la instalación: San Miguel e Cimadevila, concello de Valga.

Finalidade da instalación: Meilloralo servizio eléctrico na Zona.

Características principais: Rede de distribución en baixa tensión de 390 m. e 1.530 m. de lonxitude, cada unha, con conductores tipo RZ, e apoios de formigón.

Presupuesto: 5.848.080 pesetas.